

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE CASTRELO DO VAL

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN INFANTIL (4º de Infantil)

DATA: 5 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación e indicadores específicos observables**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES

### AREA IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL

- O corpo e a propia imaxe

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sinala as partes principais do seu corpo.</li><li>• Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.</li></ul>
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ten unha boa coordinación de movementos</li><li>• É capaz de relaxarse con facilidade</li></ul>
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Identifica as cores</li><li>• É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia ante determinadas situacións.</li><li>• É capaz de mostrar preferencias</li></ul>
Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno.</li><li>• Gústalle facer encargos e ter responsabilidades</li></ul>

- Xogo e movemento

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	<ul style="list-style-type: none"><li>• Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio.</li><li>• Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos</li><li>• Abotóase correctamente</li><li>• Realiza encaixes e quebracabezas.</li></ul>

- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	• Acepta ter que esperar a súa quenda
--	---------------------------------------

- **A actividade cotiá**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece e respecta as normas da escola</li> <li>• Distingue os diferentes momentos e situacións dentro da aula e adáptase a eles</li> <li>• Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.</li> <li>• Séntese a gusto e está adaptado/a ao ritmo da aula</li> <li>• Aмосa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</li> <li>• Amósase constante na súa actividade</li> <li>• Esfórzase na realización das tarefas.</li> </ul>

- **O coidado persoal e a saúde**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vai só ao WC.</li> <li>• Come só/a sen ensuciarse</li> <li>• Ten interese por probar novos alimentos.</li> <li>• Coloca a roupa na súa percha</li> </ul>

## AREA COÑECEMENTO DO CONTORNO

- **Medio físico: elementos, relacións e medida**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos.</li> <li>• Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado</li> </ul>

- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual).</li> <li>• Asocia algúns números coas cantidades que representan.</li> <li>• Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.</li> </ul>
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos –liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos–	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo</li> <li>• Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.</li> </ul>
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ordena as accións máis relevantes do día.</li> <li>• Diferenza as nocións temporais de: día-noite.</li> </ul>

- **Achegamento á natureza**

<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES</b>
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ten curiosidade por todo o que o rodea.</li> </ul>

- **Cultura e vida en sociedade**

<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES</b>
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nomea os membros da súa familia</li> <li>• Conta cousas das súas experiencias familiares</li> <li>• Coñece as rutinas da aula</li> <li>• Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeras.</li> <li>• Busca a relación coa persoa docente para:</li> </ul>

	contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos.
--	---

## AREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- **Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar.**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.</li> <li>• Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</li> <li>• Participa activamente nas conversas da aula</li> </ul>
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende as explicacións que se dan na clase.</li> </ul>

- **Linguaxe verbal: Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o seu nome.</li> <li>• Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros</li> </ul>
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</li> </ul>

- **Linguaxe artística: Plástica**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa con interese en actividades expresivas plásticas.</li> </ul>

- **Linguaxe artística: Musical**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descubre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo.</li> <li>• Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.</li> <li>• Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.</li> </ul>

- **Linguaxe artística: Corporal**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa activamente e goza de actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión</li> </ul>

- **Linguaxe audiovisual e TIC**

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC</li> </ul>

## LINGUA EXTRANXEIRA-INGLÉS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.</li><li>• Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</li><li>• Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.</li><li>• Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.</li></ul>

## RELIXIÓN CATÓLICA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES
- Respetar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recoñece a cruz como símbolo que nos lembra a Xesús</li><li>• Coñece algúns feitos relativos á paixón, morte e resurrección de Xesús</li></ul>
- Recoñecer os valores cristiáns que facilitan a convivencia.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas , especialmente dos nenos e das nenas</li></ul>

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

En educación infantil, a observación directa e sistemática e a análise das producións das nenas e dos nenos son a principal fonte de información para realizar o proceso de avaliación. Dadas as circunstancias actuais non é posible levar a cabo estes procedementos.

Aínda que sí estou propondo traballo semanal durante este tempo, totalmente voluntario para as familias, non podo avaliar ese traballo, pois non vexo nin o proceso nin sequera o resultado. Polo tanto e baixo o meu criterio, considero que o máis xusto e razoable é que a avaliación final sexa o resultado do observable ata o momento, é dicir o segundo trimestre, polo que os indicadores específicos observables recollidos no punto 1 son os correspondentes á 2ª avaliación e a cualificación final será idéntica tamén á da segunda avaliación.

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Durante o terceiro trimestre estou propondo traballo diario, seleccionando aqueles contidos máis elementais, centrándome sobre todo nos libros dos alumnos que quedaron sen rematar e en fotocopias básicas que eu mesma lles proporcionei.

<b>Actividades</b>	Fichas dos libros dos alumnos, fotocopias que lle foron entregadas a cada alumno xunto cos seus libros, actividades interactivas da plataforma dixital de SM, xogos e actividades on line, actividades de xogo e movemento, videochamadas individuais con cada neno, actividades audiovisuais xunto co resto dos alumnos do ciclo...
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía a seguir consiste en que o primeiro día de cada semana, colgo na páxina web do centro a proposta de actividades para toda a semana, desglosada en días e comunícollo ás familias mediante tokapp. Deixeilles claro dende o primeiro momento que se trata dunha simple proposta, non lles esixo nada, simplemente intento que todos teñan un ritmo común e sobre todo que teñan unha rutina diaria de traballo. Para isto pedín en todo momento a opinión e colaboración das familias, obtendo de todas elas unha moi boa acollida. Ademáis o primeiro día de cada semana aqueles que queren concertar unha videochamada comigo poden apuntarse e combino coas familias data e hora. Así mesmo fíxenlles saber que estou a súa disposición para o que precisen e poden contactar comigo a través de tokapp ou email, tamén dispomos de teléfono móbil do centro.</p> <p>Afortunadamente teño contacto con todas as familias e responden moi positivamente ás propostas de actividade que lles solicito (enviando fotos, videos... para facer montaxes audiovisuais que se colgan na web do centro e no blogue de infantil para que os nenos non perdan o contacto.)</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Cadernos de fichas dos alumnos, fotocopias que lles facilitei, vídeos educativos, tablet, ordenador, teléfonos móbiles, material funxible de escritura e plástica...

### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Mediante unha comunicación a nivel de centro a través de tokapp informarase ás familias do contido deste documento. Comprobarase que esta comunicación foi recibida por todas as familias e se non foi así, cada titor escargarase de contactar coas familias que non recibiron a comunicación mediante correo electrónico ou chamada telefónica.
<b>Publicidade</b>	Este documento publicarase na páxina web do centro <b><i>www.educastrelo.com</i></b>

